

## DIVULGACIÓN DO PROXECTO: GALP5 / 286

### MELLORA DA GOBERNANZA NA XESTIÓN MARISQUEIRA NO ÁMBITO TERRITORIAL

#### ACTIVIDADES A REALIZAR

Mellora da gobernanza da xestión marisqueira da confraría de Vilanova no ámbito territorial mediante a **análise da delimitación das zonas de marisqueo das modalidades de a flote e a pé do ámbito territorial da confraría , instalación dos equipos de boias, cadenas e mortos e instalación do radar para a lancha de vixancia da confraría.**

#### OBXECTIVOS:

1. Fomentar a participación do sector implicándoo na gobernanza e responsabilidade na xestión pesqueira
2. Caracterización do espazo e limitación das áreas de produción
3. Garantir unha explotación sostible e controlada
4. Mellorar a vixancia e control das zonas de explotación do ámbito territorial

#### IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA FINANCIACIÓN

IMPORTE CONCEDIDO: 19.442,12 €

- ANUALIDADE 2022: 19.442,12,00€

IMPORTE SUBVENCIONABLE: 19.442,12€

- IMPORTE PÚBLICO FEMP (85%): 16.525,80€
- Importe Nacional (15%): 2.916,32€
- PORCENTAXE DE COFINANCIACIÓN: 100%

#### PRAZO DE EXECUCIÓN: ATA O 30 DE SETEMBRO DO 2022

O punto V da Resolución da Consellería do Mar pola que se concede unha axuda ó proxecto “Mellora da gobernanza na xestión marisqueira no ámbito territorial” presentado por esta Confraría de Pescadores de Vilanova para mellorar a gobernanza do territorio e a responsabilidade da xestión pesqueira, cofinanciados polo fondo marítimo e da pesca (FEMP) e tramitada como expediente anticipado de gasto, establece a obriga de facer unha breve descripción da operación no sitio de internet, no caso de que se dispoña dun, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, incluíndo os obxectivos e destacando o apoio financeiro da Unión.

Á vista do establecido na mencionada Resolución se publica este informe descritivo do proxecto nas páxinas web da confraría: [www.cofradiavilanovapastoriza.org](http://www.cofradiavilanovapastoriza.org) e [www.lonxasgalegas40.gal/vilanova/](http://www.lonxasgalegas40.gal/vilanova/)

Asemade tamén informamos que se pode consultar o cartel informativo colgado no facebook e no tablón de anuncios das dependencias da Confraría.